

En cumprimento do disposto no artigo 43.2º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe sobre o *Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan a súa composición e funcións*.

A regulación da materia obxecto deste decreto está amparada pola competencia exclusiva que os artigos 148.1.1ª da Constitución Española (CE) e 27.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúen á Comunidade Autónoma galega para organizar as súas institucións de autogoberno e atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, de conformidade co disposto no artigo 103.1 da CE, deben presidir a actuación administrativa.

A competencia para aprobar o proxecto de decreto examinado correspóndelle ao Consello da Xunta, conforme ó artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. E a súa proposta correspóndelle, por razón da materia, ao conselleiro de Facenda e Administración Pública, de acordo co artigo 34.5 da citada Lei 1/1983 e o artigo 3º do Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

Respecto á súa xustificación, o tempo transcorrido dende a creación, no ano 2007, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia, esixe unha revisión da estruturación e funcións deste órgano colexiado, atendendo aos cambios normativos que en materia de contratación derivan da entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como das leis de transparencia, Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de ámbito estatal e autonómico, respectivamente.

Doutra banda, a experiencia acumulada dende a creación do órgano permite describir e deseñar, con mais precisión, unha serie de funcións que neste tempo se asentaron como fundamentais na súa actividade. Así, a estreita colaboración da Xunta Consultiva coa Escola Galega de Administración Pública no aprendizaxe dos empregados públicos amosouse como tarefa esencial cara á profesionalización do persoal destinado nas unidades de contratación, impulsando a súa formación e o seu desenvolvemento



profesional. Tamén a asistencia a foros e encontros con outras administracións públicas, agrupacións empresariais, ou os organizados polas universidades galegas - con grupos de investigación moi activos na materia-, esixe potenciar a función deste órgano como xerador de espazos colaborativos e comúns que redunden nun maior coñecemento da contratación pública dende todas as perspectivas posibles.

A modificación do artigo 7 do Decreto 237/2007, do 5 de decembro, referido á Presidencia do órgano, ven motivada polos cambios operados a través do Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, segundo o que a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa mudou a súa dependencia orgánica e queda vinculada á Consellería de Facenda e Administración Pública.

Coa nova estrutura, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa aspira a integrar as unidades con atribucións en materia de administracións públicas e de transparencia, o que xustifica a oportunidade de cambiar a adscrición da Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, vinculada orixinariamente á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, para incluíla no ámbito da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, como órgano encargado de promover, planificar e coordinar os procesos de racionalización, simplificación e modernización dos procedementos administrativos, así como de promover a implantación da Administración electrónica, xestionar e coordinar dende a perspectiva funcional os sistemas de xestión dos procedementos administrativos que sirvan de base do sistema de información da Administración autonómica, así como velar pola transparencia na súa xestión.

O decreto contén un artigo único, polo que se modifica o Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan a súa composición e funcións. En concreto, modifícanse o artigo 2, sobre as competencias, o artigo 7, a Presidencia, o artigo 9, a Secretaría e o artigo 10, sobre o réxime de funcionamento. Así mesmo, establécese que todas as referencias á “Consellería de Economía e Facenda” contidas no decreto 237/2007, entenderanse feitas á “Consellería de Facenda e Administración Pública”, en virtude da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia prevista no Decreto 110/2020, do 6 de setembro.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cúmplíronse os seguintes trámites:



- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta vía.
- 3.- Trámite de audiencia ás seguintes entidades: FEGAMP, Confederación de Empresarios de Galicia e Consello Galego de Universidades . Consta informe favorable desta última.
- 4.- Informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- 5.- Informe da Dirección Xeral da Función Pública.
- 6.- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- 7.- Informe da Asesoría Xurídica Xeral.

En virtude do exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de decreto de referencia, por considerar que o texto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, que o seu rango normativo é o axeitado e que se adapta á legalidade vixente, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por ditarse en desenvolvemento dunha norma con rango de lei.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro

